

Un encontro co meu ídolo

Era o verán de 2026 e eu estaba ansioso pola viaxe que tiña prevista a Arabia para ir ver o AL-Nassr e visitar un pouco o país. Tiña que coller un voo e a entrada para o partido para logo poder ver a Cristiano Ronaldo, o meu ídolo.

Fun nun voo de primeira clase xunto con xente rica, cheguei ao estadio e vin como o AL-Nassr gañou 5-0. Despois, falei con Cristiano Ronaldo para pedirlle un autógrafo e unha foto. Foi o mellor momento da miña vida.

Ao día seguinte, visitei Jeddah, a cidade máis grande e moderna do país, cuxo barrio máis antigo é Al-Balad, o cal foi recoñecido como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2014.

Tamén visitei Medina, unha das cidades máis importantes da península de Arabia, rodeada de montañas e campos volcánicos. Alí subín en camelo para chegar a unha mesquita.

Despois de pasar cinco días de viaxe, volvíñ á miña casa en Madrid noutro avión tamén de primeira clase. Paseino xenial!

Hugo Cobas Martínez 2º ESO

Tristón

Esta é a historia de Tristón, un salgueiro que habitaba na Lagoa de Caque, en Xustás, a aldea de miña avoa, onde apenas viven trescentas persoas. Esta lagoa alberga máis de cen especies protexidas, salgueiros, carballos, piñeiros, amieiros e xuncos, e nela hai aves como garzas e patos.

Tristón era un salgueiro que estaba no medio da lagoa, unha árbore noviña, moi alegre, amiga de todas as aves e do resto de seres vivos. E xustamente o chamaban así pola ledicia que desprendía. De feito, todos os paxaros pasaban o día cerca del e este sempre lles contaba historias e, coas súas follas, protexíalos do frío e tamén dos visitantes.

Pero no mes de Setembro, cando aínda as árbores caducas da lagoa mantiñan as súas follas, un rapaz, que viña cuns amigos visitar a lagoa, acendeu un cigarro e tirou a cabicha no chan. Aínda que a Lagoa do Caque é unha zona húmida, pasados uns minutos formouse unha chama de lume que se estendeu por varias das súas árbores, polo que os animais tiveron que correr para afastarse. Tristón tiña moito medo, cada vez aproximábanse máis o lume, pero ao estar na metade da lagoa, este, en contacto coas algas, foise apagando e as chamazas só chegaron ao carón do salgueiro.

A lagoa tiña un aspecto desolado, toda queimada, e a Tristón comezaron a caerlle as follas de tristeza ata que quedou sen ningunha. Estaba tan triste que ata o tronco parecía que ía secar.

Cando os animais se decataron do que lle estaba a ocorrer, comezaron a rodealo: as aves co pico collían restos de plantas para cubrir as súas pólas espidas e algúns paxaros puxéronse enriba para protexelo do frío e darlle cariño. Entón Tristón decatouse do afecto que lle tiñan e do valor da amizade, o que provocou que recuperase a ledicia.

Hugo Cobas Martínez 2º ESO

O Nadal

O Nadal é unha época especial,
e tamén espiritual
todo o mundo o celebra
todo o mundo se alegra.

Sempre nos xuntamos a cear
e gústanos moito bailar,
cantamos algunha canción
e comemos pavo e turrón.

O día vinte e catro é Noiteboa,
veñen os curmáns de Lisboa.
Veñen en autobús
para celebrar o nacemento de Xesús.

O día trinta e un é fin de ano
e preparamos o aguinaldo,
comemos uvas e bebemos champaña
e de sobremesa unhas cañas.

O día cinco é noite de Reis
e os regalos o día seis,
é unha noite especial
porque o pasamos fenomenal.

A árbore dos desexos

Érase unha vez, hai moitos anos, na cidade de Lugo, uns amigos foron ao bosque. Alí atoparon unha árbore que se movía raro e que tiña follas caducas e azuis.

Os amigos comezaron a falarlle: contáronlle os seus problemas e preguntándolle se podía arranxarllelos, e, ao día seguinte, estes foron resoltos.

Os rapaces volveron visitala e pedíronlle máis cousas, pero a árbore non lles permitiu ningún desexo máis.

Unai López Grandío e Saim Rajab 2º ESO

O Home Pataca

O Home Pataca é un superheroe que salva todo o mundo con patacas, pero hoxe non as tiña polo cambio climático. Acaba de recibir unha chamada de que estaban atracando a unha muller, pero como non tiña patacas pois decidiu quedar na casa, ata que foi á froitaría e atopou un melón, mais non sería igual que cas patacas. Cando se ía render viu unha pera en perfectas condicións, viu que o peso era similar, así que decidiu collela a ela. De repente, chegoulle outra chamada sobre que estaban atracando unha tenda, polo que o Home Pataca colleu tres peras e foi ao punto de encontro do roubo. Deste xeito, O Home Pataca pasou a ser coñecido polos cidadáns como O Home Pera.

Cando chegou ao lugar dos feitos, colleu a pera e tiroulla ao ladrón. Nada máis impactou co ladrón, explotou e o heroe salvou a tenda. Máis tarde, volveu á súa guarida e sentiuse moi mal, xa que pensa que sempre lle hai que dar unha oportunidade a todo o mundo, porque, se non, como vas saber se es ou non boa persoa.

O home pera deitouse, pero volveu soar a alarma e colleu todas as froitas que tiña. Marchou para onde foi solicitado e comezou a lanzar todas as froitas que tiña, mais non logrou vencer. Así, O Home Pera converteuse no Home Froitas fallido. Sentiuse outra vez mal porque desperdiciou todas as froitas que tiña e, como consecuencia, decidiu ser unha persoa normal como calquera outra.

Saim Rajab e Unai López Grandío 2º ESO

Yolanda Castaño

Obras destacadas:

- *Materia* (2023)
- *A falsa autónoma* (2025)



Yolanda Castaño naceu en 1977 en Santiago de Compostela e é unha poeta e ensaísta galega en lingua galega, así como tradutora, editora e xestora cultural (persoa motivada polo



melloramento do arte que traballa independente e profesionalmente, con coñecemento da materia), que empezou no mundo das letras a mediados dos anos 90 publicando poemas soltos e algunha que outra obra literaria. Actualmente, tamén dirixe festivais e talleres de produción poética e ten a súa propia residencia para escritores na Coruña.

A primeira obra publicada pola autora foi *Elevar as pálpebras* (1995), a cal tivo moi bo recibimento por parte do público, e os seus seguintes libros foron *Delicia* e *Vivimos no ciclo das Erofanías*. Precisamente esta obra podería considerarse unha das mellores da autora, posto que trata temas como a importancia da maternidade e da familia, pero tamén o do feminismo, un dos favoritos da poeta.

Lucía Rodríguez Regal 2º ESO

A cerdeira dos namorados

Hai unha chea de anos, nunha vila rica no corazón de Lugo chamada Taboada, con altos montes, unha morea de gandeiros con cartos e moitas cerdeiras, contábase unha lenda moi especial: a da cerdeira dos namorados.

Todo comezou na horta de Xosé e Alfredo, dous irmáns que levaban vivindo alí toda a súa vida. Xosé era un home que traballaba duro todos os días para sacar o seu pequeno negocio adiante; pola contra, Alfredo era un folgazán que dependía totalmente do seu irmán. Os dous estaban solteiros, pero, mentres Xosé só pensaba no seu traballo, Alfredo estaba namorado dunha rapaza moi riquiña chamada Teresa.

Nesta horta había unha cerdeira, á cal Xosé ía todos os días coller as súas cereixas para ir vendelas á feira. Un día, Xosé foi á feira e, mentres esperaba a que alguén quixese comprar algún dos seus produtos, comía unha cereixa, ata que, xa cando ía recoller, apareceu Teresa, que quería probar unha. Esta, xusto no momento no que a degustou, namorouse perdidamente do home e, despois de moito tempo xuntos, casaron. Co paso dos anos, espallouse o rumor de que cada persoa que probaba unha cereixa daquela cerdeira namoraba e, ao tempo, remataba cun anel na man.

Mais a historia non remata aquí, xa que a Alfredo non lle fixo ningunha graza que casaran, así que, como vinganza, cortou a cerdeira. Á mañá seguinte, cando a parella viu a árbore, quedaron como pedras. Alguén a cortara! Que horror!

Anos despois, Alfredo mudouse porque non soportaba ver a Teresa co seu irmán. Xosé tivo que aprender a vivir coa súa outra parte do negocio, debido a que, por máis cerdeiras que plantaban no lugar daquela, ningunha era máxica e, aínda que seguía preguntándose quen fixera aquilo, viuse obrigado a seguir adiante. A partir daquel momento, as persoas tiveron que buscar por si mesmas o seu amor verdadeiro e, por iso, antes, a xente casaba máis nova e hoxe en día tarda máis.

As amizades inquebrantables

Hai moito tempo, dúas rapazas de máis de vinte anos fixéronse moi amigas. Un día, unha delas, de nome Lucía, tivo un accidente moi grave e levárona ao hospital. Carmen, súa nai, avisou á outra rapaza, Paula, e contoulle o que pasara. Paula, moi asustada, foi correndo para alí. Cando chegou, Lucía estaba moi mala e non a recoñeceu.

O médico díxolle á rapaza que non se asustase, que era polo impacto que levara co coche e, despois dunha semana, Lucía mellorou moito. Paula volveu entrar na sala e, desta vez, si que soubo quen era, o que fixo que se emocionase moito.

Uns días despois, déronlle a alta a Lucía, e a nai dela non podía ir buscala, así que Paula ofreceuse a ir no seu lugar. Lucía púxose moi contenta cando llo dixeron e, ao saír do hospital, foron tomar un café xuntas para contarlle todo o que pasara.

Cando saíron da cafetería, foron para a súa casa e Paula esperou a que viñese a nai da outra rapaza, porque así quedaba máis tranquila. A partir daquel momento todo volver ser igual ca antes e Paula e Lucía volveron pasalo ben.

Paula Conde Robledo 2º ESO